

ORDENANZA Nº 18
ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

ARTIGO 1º.-Fundamento e natureza.

O art. 133 da CE sinala ca potestade orixinaria para establecer tributos corresponde exclusivamente ó Estado, mediante lei; e as Corporacións locais poderán establecer e esixir tributos, de acordo coa Constitución e as leis. Por outra parte a mesma CE, no seu art. 142, di que as Facendas locais deberán dispoñer dos medios suficientes para o desempeño das funcións ca lei atribúe ás Corporacións respectivas e nutriranse fundamentalmente de tributos propios e da participación nos do Estado e das Comunidades Autónomas. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, no seu art. 106, preceptúa que as Entidades locais terán autonomía para establecer e esixir tributos de acordo co previsto na lexislación do Estado reguladora das Facendas locais e nas Leis que dicten as Comunidades Autónomas nos supostos expresamente previstos naquela; e ademais ca potestade regulamentaria das Entidades Locais en materia tributaria exercerase a través de Ordenanzas fiscais reguladoras dos seus tributos propios. Pola súa parte o art. 57 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, autoriza ós Concellos a esixir taxas pola utilización privativa do dominio público. Por último, as taxas ó ser tributos que poden ser esixidos polos entes locais de forma potestativa, é necesario aproba-las correspondentes Ordenanzas fiscais de conformidade ó previsto nos artigos 15 e ss. do RDL 2/2004, de 5 de marzo.

ARTIGO 2º.-Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da Taxa a utilización de calquera instalación que forme parte do obxecto desta ordenanza. A obriga de contribuír nace pola realización de tales utilizacións, medie ou non solicitude do usuario ou do obrigado ó pagamento.

ARTIGO 3º.- Suxeitos pasivos.

- a) As persoas naturais ou xurídicas que soliciten a utilización das instalacións.
- b) As entidades, organismos, asociacións, federacións, clubs, etc. En nome dos que se solicite ante o Concello a autorización para a utilización das instalacións.

ARTIGO 4º.- Exencións.

Non estarán suxeitos a esta taxa aquelas utilizacións das instalacións que correspondan a competicións organizadas por iniciativa do Concello ou patrocinado por este, nin os clubs do Concello que colaboren co Padroado Deportivo Municipal na organización e realización das escolas deportivas.

ARTIGO 5.-

1.- A cota da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada na taifa contida no artigo seguinte, atendendo ó tipo de actividade a realizar e en función do tempo de duración do aproveitamento e da superficie que sexa autorizada a ocupar en virtude da licencia, ou a realmente ocupada, se fora maior.

2.- Nos supostos que se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa será o valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización ou adxudicación.

Artigo 6.- Tarifas.

1.- As taxas que deberán ser satisfeitas ó concello por utilización das instalacións que de seguido se relacionan, axustándose ás seguintes tarifas:

- a) Utilización do Polideportivo por clubs non federados, para adestramento, entendendo por tal cando non se utilicen árbitros e cun único vestiario: 7,17 euros/ hora ou fracción.
- b) Partidos amigables ou oficiais, no polideportivo municipal, con entrada gratuíta (non utilizando os despachos de billetes): 0,00 euros/ hora ou fracción.
- c) Partidos de competición oficial no polideportivo, con cobro de entrada: 25 por cento da recadación.
- d) Utilización do polideportivo para espectáculos non deportivos, con cobro de entrada: 25 por cento da recadación.
- e) Utilización do campo de fútbol da Alta por clubs deportivos que non sexan do Concello da Pobra do Caramiñal (terreo de xogo) para adestramentos, partidos amigables, de competición, con ou sen cobro de entrada: 109,06 euros.
- f) Utilización das pistas de atletismo do campo de fútbol da Alta: 0,00 euros.

ARTIGO 7º.- Tramitación

1.- As instancias, nas que se farán consta-los días e horas nos que se desexe efectua-la utilización e demais circunstancias que desexen expoñer, presentaranse no rexistro xeral do Concello.

Corresponderá á C.M.D. informar sobre a procedencia da concesión da licencia solicitada e formular a proposta de resolución.

O devandito informe achegarase a liquidación correspondente ó outorgamento da licencia, procedendo a intervención municipal á censura correspondente.

2.- As licencias para a utilización das instalacións do pavillón polideportivo, cando se trate de festivais e actos organizados por colexios e institucións culturais, actos estatutarios de sociedades, asociacións de todo tipo e partidos políticos, así como por festivais e espectáculos artísticos, recreativos e de carácter profesional, solicitaranse por medio de instancia dirixida ó Ilmo. Sr. Alcalde.

ARTIGO 8.- Liquidación e recadación.

1.- O aboamento das liquidacións correspondentes ós espectáculos de carácter non periódico deberán realizarse na tesourería municipal cunha antelación mínima de 48 horas á celebración do espectáculo.

2.- Nos supostos de usos periódicos as liquidacións resultantes deberán ingresarse por meses anticipados e sempre antes do día 1 de mes ó que corresponda; sen este requisito non poderá utilizarse o pavillón.

3.- A non celebración do espectáculo unicamente dará dereito á devolución das cantidades aboadas, cando sexa o propio Concello o responsable da non celebración, non tendo dereito o solicitante a reclamar danos e perdas, sempre que a cancelación do permiso se notifique con 48 horas de antelación.

4.- Os depósitos previos establecidos no art. 7.2 desta ordenanza realizaranse sempre na tesourería municipal; sen este requisito non se concederá a autorización para a súa utilización.

5.- Esta taxa poderá esixirse en réxime de autoliquidación.

ARTIGO 9º.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo pleno do Concello o día 16 de novembro de 1999, e modificada o 26 de decembro de 2000, 8 de novembro de 2001, 11 de novembro de 2002, 30 de outubro de 2003 e 28 de decembro de 2004, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

DILIXENCIA: A estendo eu, Secretario, para facer constar que a presente ordenanza fiscal foi aprobada polo pleno do Concello o día 16 de novembro de 1999, e modificada o 26 de decembro de 2000, 8 de novembro de 2001, 11 de novembro de 2002, 30 de outubro de 2003, 28 de decembro de 2004, 23/12/2005, 22/12/2006 e 04/12/2007.

En Pobra do Caramiñal, a 13 de decembro de 2007.

O Secretario

Ricardo Fernández Fernández